

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Anuncio padrón provisional recollida de lixo exercicio 2020

ANUNCIO PADRON PROVISIONAL RECOLLIDA DE LIXO EXERCICIO 2020

Aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 29 de maio de 2020 o padrón fiscal da taxa polo servizo de recollida de lixo para o exercicio 2020, sométese a información pública para a súa notificación colectiva de acordo co disposto no artigo 102.3 da lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de 30 días, que contarán dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P e no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este prazo, o devandito padrón estará a disposición dos interesados no Concello. Contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas a estes, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpoñer os seguintes recursos:

1º. Reposición, perante este Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ao transcorrer un mes dende a súa presentación, non se resolve da maneira expresa.

2º.-Contencioso-Administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, ou no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose.

3º.- Poderá interpoñerse calquera outro recurso que aos interesados lles conveña.

Tordoia, 1 de xuño de 2020

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2020/3259